



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Vanguardia e Literatura			Código	613584115
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Valcarcel Lopez, Maria Eva	Correo electrónico	eva.valcarcel@udc.es		
Profesorado	Valcarcel Lopez, Maria Eva	Correo electrónico	eva.valcarcel@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo avanzado dos procesos culturais de ruptura no sistema literario, atendendo a dialéctica de continuidade e ruptura na literatura e a arte. Indagarase no concepto de vangarda histórica e posvangarda y profundizarase esta indagación co estudo particularizado de exemplos de renovación estética nun contexto interdisciplinar.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión maxistral Obradoiro Proxecto de investigación</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Non hai modificacións.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. Moodle e e-mail diariamente. Semanalmente: 1 sesión grupal de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non hai modificacións.</p> <p>*Observacións de avaliación: A avaliación na segunda oportunidade consistira nun traballo de investigación dirixido.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------



A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as posibilidades de investigación que se describen a partir do estudo da vangarda histórica de principios do século XX, e a súa proxección na cultura contemporánea.	AM1 AM4 AM6 AM8 AM9 AP1 AI1	BP5	CM2 CM3 CM4 CI2
Ser capaz de distinguir as referencias a vangarda histórica na contemporaneidade. Ser capaz de describir e analizar o fenómeno vangardista desde a súa orixe, o contexto que o impulsou, a súa proposta teórica e o pensamento que a sustenta, atendendo a súa formulación interdisciplinar, con especial atención a relación entre escritura e pintura.		BP1 BP3 BP4 BP7	CM1 CM5
Ser capaz de reflexionar sobre os instrumentos teóricos para a interpretación dos exercicios vangardistas e a súa particular realización na literatura.	AM4 AM6 AM8 AP1 AI1	BP3	CM6 CI1 CI2 CI3



Ser capaz de diferenciar a importancia da teoría crítica e estética no acontecer dos proceso sociais.	AM8 AM9 AP1 AI1	BP1	CM2 CM4 CM5 CM6 C11 C12 C13
---	--------------------------	-----	---

Contidos	
Temas	Subtemas
Cuestións iniciais A vangardas históricas. Introducción.	Principios teóricos e filosóficos. Interdisciplinaridade e internacionalidade.
Os manifestos artísticos	Poética dos manifestos
A vangarda literaria. Crítica e documentos.	A recepción do futurismo en América O estridentismo mexicano O ultraísmo arxentino O creacionismo chileno O surrealismo.
4. A vangarda e a súa pervivencia na arte actual.	Teoría e práctica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A1 A4 A6 A10 A8 A9 B10 C2 C5 C6 C9	7	14	21
Actividades iniciais	B6 B7 B8	2	2	4
Investigación (Proxecto de investigación)	A12 B4 C1 C3 C4 C7 C8	1	33	34
Sesión maxistral	A4 A8 B8	5	11	16
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	O obradoiro consta dunha serie de exercicios prácticos diversos nos que se persigue o dominio da disciplina mediante a práctica e a metodoloxía. Os alumnos farán comentarios, manipularán textos, farán exposicións e articulacións de ideas conrecreación intelectual dos contextos históricos e situacións comunicativas, agás da reflexión estética e a contextualización socio-histórica.
Actividades iniciais	Presentación do contido e avaliación dos coñecementos previos do alumnado, así como avaliación da súa disposición fronte a materia. Valoración das necesidades específicas do alumnado.
Investigación (Proxecto de investigación)	Orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao estudante identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado. No proxecto de investigación amósanse as habilidades logradas no obradoiro e as outras metodoloxías utilizadas eponse de manifesto a autonomía fronte a aprendizaxe.
Sesión maxistral	Nestas sesións daránse as claves teóricas e describiránse conceptos básicos para fixar as nocións fundamentais que se precisan para o desenvolvemento do resto das metodoloxías de aprendizaxe.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación)	O deseño e a posta en marcha do proxecto de investigación precisa a relación individual co alumno, o que hai que escoitar e facilitar os medios teóricos e técnicos para que poida deseñar un proxecto de interés.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A4 A6 A10 A8 A9 B10 C2 C5 C6 C9	Valorarase a participación e o desenvolvemento satisfactorio das actividades propostas na aula e do mesmo xeito as tarefas encargadas para fora da mesma.	40
Investigación (Proxecto de investigación)	A12 B4 C1 C3 C4 C7 C8	Valorarase a orixinalidade e a efectividade da proposta de traballo de investigación. Tamén a seu modo de plantexamento e a realización final. Será importante a redacción e/ou exposición claras e cunha linguaxe axeitada a un exercicio avanzado.	60

Observacións avaliación

<p>No obradoiro valorarase a eficacia e na resolución dos problemas propostos e a orixinalidade para plantexar outros novos para resolver en grupo.; terase en conta a vontade de interdisciplinaridade na respostas e nas propostas.</p> <p>Valorarase tamén a correcta exposición oral e escrita dos traballos que se propoñan. Na sesión maxistral esixese unha resposta activa, participando nos coloquios e debates que se propoñan o final das mesmas. Terase en conta a situación particular dos alumnos con dispensa académica nas dúas convocatorias, dando un tratamento particularizado a cada caso no momento en que sexa presentado, para o que é preciso que o alumno se presente o seu caso ante o profesor antes do inicio da docencia. A avaliación incluírá unha proba mixta con diversos comentarios de texto, e un traballo de investigación. A avaliación da segunda convocatoria farase mediante unha proba mixta (40%) e un traballo de investigación (60%). Do mesmo xeito se procederá na convocatoria de decembro. Se un alumno non presenta o traballo de avaliación ou non se presenta o examen na convocatoria extraordinaria recibirá a calificación de non presentado.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - BECERRA,E;VALCÁRCEL,E. y otros (2013). El surrealismo y sus derivas. Madrid, Abada - BENJAMIN,W. (1971). Sur le langage general et le langage humain. Paris, Denoel - BRIHUEGA et al. (1996). Historia de las ideas estéticas contemporáneas. Madrid, Visor - BURGER,P. (1978). Teoría de la vanguardia. Barcelona, Península - CALINESCU (1991). Cinco caras de la modernidad. Madrid, Tecnos - ORTEGA,J. (1998). El principio radical de lo nuevo. México, FCE - PAZ, O. (1974). Los hijos del limo. Barcelona, Seix Barral - SWARTZ,J. (1991). Las vanguardias hispanoamericanas. Madrid, Cátedra - VIDELA DE RIVERO, G., (1990). Direcciones del vanguardismo hispanoamericano. Mendoza, Cuyo - YURKIEVICH, Saúl (1984). La movediza modernidad. Barcelona, Muchnik - YURKIEVICH, Saúl (1984). A través de la trama. Barcelona, Muchnik - WENTZLAFT_EGGERBERT,H (1991). La vanguardia europea en el contexto hispanoamericano. Berlin, Vervuert <p>Facilitarase bibliografía específica seleccionada polo profesor e de acceso restrinxido. A selección proposta inclúe textos teóricos en antoloxías.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías